



**Excmo. Concello de Ferrol**

## **BANDO**

**O Excmo Sr. D. Ángel Manuel Mato Escalona,  
Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ferrol**

### **Fai saber:**

A veciñanza vivimos estes días a enorme ilusión colectiva que supón o posible ascenso do noso equipo, o Racing de Ferrol, a Segunda División. Este ascenso podería materializarse este sábado, día 27.05.2023.

Este partido xogámolo todos e todas e imos facer que se note...

Vestiremos Ferrol coas nosas cores verdibrancas. Para iso anímovos a poñer bandeiras do noso equipo nas fiestras, nos bares e nos escaparates como nós, no Concello de Ferrol, que as poñeremos nalgunhas das rúas e edificios públicos para amosar a ilusión de levar o noso equipo á Segunda División.

Levemos con orgullo e a todas partes a camiseta que nos fai soñar cada semana e enchamos as redes sociais con mensaxes de ánimo aos nosos.

En atención ao crecemento e proxección do sector hostaleiro ferrolán e co obxecto de facilitar a animación e o encontro da veciñanza nas rúas, o día 27.05.2023 en horario de 11.00 a 23.00 vaise permitir EXCEPCIONALMENTE aos establecementos que contén coa autorización pertinente trasladar a terrazas e veladores pantallas e dispositivos audiovisuais, así como a instalación de barras auxiliares ou outras de características análogas. Así mesmo, permítese a realización de calquera xénero de espectáculo en vivo que non supoña a montaxe de ningún tipo de estrutura fixa ou móbil na vía pública.

Aúpa Racing!

Somos Racing!

Imos Ferrol!

O ALCALDE- PRESIDENTE